



CCR/Ra/Ms



Data Rexistro: 16/03/2026 13:44:56
Nº Rexistro: 2026000296

SAIDA

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 27 de febreiro de 2026, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas pola Sra. deputada Dona Ana Laura Iglesias González:

27.8611.- ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente.- Rogos e preguntas, teño unha petición. Rogos e preguntas. Faga rogos e preguntas. ¿Algún rogo? ¿Algunha pregunta? A ver, ¿algún rogo? É que non é un debate, é un dar conta, é que, ¿teñen algunha pregunta?. Rogos e preguntas, e logo lle deixo a palabra. ¿Ten algún rogo, ten algunha pregunta? Non. ¿Bloque Nacionalista ten algunha?. A ver, ¿sobre que cuestión quere introducir sobre dos puntos dos que dei conta?.

Sra. Iglesias González.- ...que se pode intervir en todos os puntos da orde do día.

Sr. Presidente.- Ten a palabra.

Sra. Iglesias González.- Gracias, Presidente. O que é de verdade demencial é que ...

Sr. Presidente.- Retírolle a palabra, a ver, demencial, aquí é todo, si, si, todo, o vocabulario é marabilloso, un exemplo, vale. O vocabulario a empregar, lle pido por favor, aquí non hai ninguén nin nada demencial, vale, así que ...

Sra. Iglesias González.- Grazas. No punto 20 da orde do día solicitamos que informe o Sr. Presidente cal é o motivo polo cal vostede levantou un reparo tan serio, feito polo Interventor, que se trae a dar conta neste punto da orde do día e que afecta a un dereito fundamental dos traballadores e traballadoras desta institución, que foi acordado cos sindicatos. Entón, no debate deste punto número 20 da orde do día ...

Sr. Presidente.- Pero é que é dar conta.

Sra. Iglesias González.- Dá igual que sea dar conta. É que non pode negar un debate.

Sr. Presidente.- ¿Eso que é?, ¿unha pregunta?.

Sra. Iglesias González.- Non é unha pregunta, estou falando do punto 20 da orde do día, Sr. Presidente. Eu non sei que non entende porque eu creo que falo en castelán. ¿Pode vostede informarnos de por que levantou ese reparo da Intervención? Gracias.

Sr. Presidente.- Rogos e preguntas. ¿Hai algún rogo ou algunha pregunta?

Sra. Iglesias González.- Si. ¡De verdad, vaia Pleno!. Pregunta, ¡vaia Pleno! Pregunta, ¿cal



é o motivo polo que dende o Gabinete de Presidencia se paraliza os informes de acceso á información pública despois de que o informe técnico se realice en tempo e forma e en cambio a este grupo chegan fóra de prazo?. Primeira pregunta.

Sr. Presidente.- ¿Máis preguntas?

Sra. Iglesias González.- Si, un rogo, Presidente, rogámoslle ao goberno provincial que cumpra coa Moción do Grupo Municipal do PSOE, aprobada no Pleno de Pontevedra, para que esta Deputación asine un convenio co Concello de Pontevedra para financiar a reforma integral que precisa o terreo de xogo e o sistema de drenaxe do estadio municipal de Pasarón que presenta graves defectos construtivos. E a última pregunta, Sr. Presidente, xa que non me contestou antes, ¿pode o Sr. Presidente aclararnos cal é o motivo polo que levantou un reparo tan serio feito polo Interventor que afecta a un dereito dos traballadores e traballadoras desta Deputación acordados cos sindicatos?.

Sr. Presidente.- Por parte do Bloque Nacionalista Galego. ¿Algunha pregunta? ¿Algún rogo? Non. Vale, pois damos por finalizado este Pleno. Moi boa tarde.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D^a. Ana Laura Iglesias González.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno).- Presidencia.- Secretario.- Central.-





Preguntas efectuadas pola voceira do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, Dona Ana Laura Iglesias González, na sesión ordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 27 de febreiro de 2026:

1ª PREGUNTA:

Solicitamos que informe o Sr. Presidente cal é o motivo polo cal vostede levantou un reparo tan serio, feito polo Interventor, que se trae a dar conta neste punto da orde do día e que afecta a un dereito fundamental dos traballadores e traballadoras desta institución, que foi acordado cos sindicatos

RESPOSTA:

Amosa un profundo descoñecemento da tema. O reparo levantouse, precisamente, para poder abonar aos empregados públicos desta Deputación as axudas sanitarias.

O motivo do reparo do Interventor é que a resolución que regula o acceso aos datos protexidos dos expedientes de axudas sanitarias, ditada de conformidade co informe do delegado de protección de datos, conclúe que os informes médicos e/ou facultativos que consten nos expedientes de axudas sanitarias serán solo coñecidos pola médica xefa do departamento de Inspección Médica adscrita ao Servizo de Recursos Humanos e Formación, a cal deberá informar sobre a súa existencia e alcance, sen identificar informacións clínicas sobre pacientes.

É precisamente esta limitación, derivada da necesaria protección de datos sensibles, a que leva á Intervención a considerar que non dispón de acceso suficiente para verificar directamente o contido deses informes, motivo polo cal emite o reparo.

Ante esta situación, e co obxectivo de non prexudicar aos empregados públicos da Deputación nin atrasar o cobro das axudas sanitarias, procedeuse ao levantamento do reparo conforme ao procedemento legalmente establecido.

Polo tanto, non só non existe ningunha afectación a dereitos fundamentais, senón que a actuación desta Presidencia foi a necesaria para garantir, con pleno respecto á legalidade e á protección de datos, o aboamento das axudas aos traballadores.



2ª PREGUNTA:

Cal é o motivo polo que dende o Gabinete de Presidencia se paraliza os informes de acceso á información pública despois de que o informe técnico se realice en tempo e forma e en cambio a este grupo chegan fóra de prazo.

RESPOSTA:

O Gabinete de Presidencia non paraliza ningún informe nin expediente de acceso á información pública.

Se nalgún caso concreto se producise algún retraso puntual, este respondería exclusivamente a razóns organizativas ou de carga de traballo, nunca a unha vontade de obstrución.

Asinado dixitalmente.

Luis López Diéguez
Presidente

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 27/03/2026 10:26

